



Protocolo de actuación para a realización do proceso selectivo de auxiliar administrativo funcionario interino do Concello de Cabana de Bergantiños como consecuencia da COVID-19

1. Enténdese que cada participante asume e responsabilízase tanto das medidas hixiénicas e sanitarias a cumprir, como dos riscos sanitarios inherentes á proba, especialmente se é persoa de risco sensible a complicacións derivadas da COVID-19. Para iso, todo o persoal deberá realizar unha declaración responsable na que se acredite estar ao tanto e aceptar as medidas de saúde pública vixentes respecto diso.

Esta declaración responsable deberá entregarse ao secretario do Tribunal Selectivo ao entrar no lugar de celebración do exame. En caso, de que algún aspirante non a traia, faráselle entrega da declaración para que a cumprimente e a entregue. A dita declaración será publicada na sede electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños.

2. Aqueles opositores que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, aqueles a as que se lles diagnosticou a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou os que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19, atendendo ás indicacións das autoridades sanitarias, NON poderán acceder ás sedes dos tribunais para realizar os exames.

Os membros do Tribunal ou persoal de administración e servizos, comunicarao ao alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños.

3. A apertura do lugar onde se realiza a proba farase con bastante antelación á hora fixada para o inicio da proba selectiva de maneira graduada.

4. A entrada ao edificio realizarase de maneira graduada, seguindo as pautas indicadas polo tribunal selectivo. O acceso realizarase por quendas, mantendo a distancia mínima de seguridade de 1,5 metros entre persoas.

5. Nos puntos exteriores de acceso, así como nas portas de entrada que se utilicen, haberá persoal pertencente á organización para facilitar información ás persoas que acceden ao centro.

6. As portas de entrada ao recinto permanecerán abertas para facilitar o acceso ou a evacuación en caso de emerxencia.

7. Non se permitirá a entrada de ningunha persoa, xa sexa opositor ou membro do Tribunal ou persoal de administración e servizos que non veña provisto da súa propia máscara protectora, que deberá cubrir boca e nariz. No caso de que algún dos participantes non dispoña da oportuna máscara, facilitaráselle na entrada do edificio onde teñan lugar as probas.

8. Os opositores deberán aproximarse á porta de entrada que lles corresponda á hora en que foron convocados. Procurarán en todo momento gardar a distancia de seguridade, sen apresurarse nin provocar aglomeracións.

9. Se os opositores convocados chegasen ao edificio antes desa hora, esperarán mantendo a distancia de seguridade.

10. Na porta de acceso, nomeásense aos aspirantes, debendo entrar os aspirantes convocados na mesma, de maneira ordenada, e coa conveniente distancia. Antes de entrar no lugar de realización do



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

exame tomaráselle a temperatura corporal a cada un dos aspirantes. No caso de que calquer aspirante presente 37.5 °C ou máis será aillado a unha sala e chamarase ao teléfono de atención ao Covid-19 da Xunta de Galicia. Salvo contraindicación, procederase á súa evacuación coa maior rapidez posible.

11. Para axilizar a entrada ás aulas, prégase que teñan a man o DNI e a declaración responsable.
12. Se algún aspirante non puido entrar no momento en que se nomeou a aula en que estaba convocado, non debe intentar entrar ata o final.
13. Para o acceso ás aulas, manterán sempre unha distancia de 1,5 metros entre persoas e esperarán no lugar que corresponda sempre que sexa necesario.
14. Ao chegar dentro do lugar onde se vai realizar a proba e antes de acceder á mesma, o opositor deberá mostrar a un membro do tribunal o seu documento identificativo. Así mesmo, este documento identificativo deberá permanecer visible en todo momento sobre a mesa durante a realización da proba.
15. No lugar de realización da proba dispoñeráse de dispensadores de xel hidroalcohólico. Tanto á entrada como á saída do lugar, deberase proceder ao lavado de mans con solución hidroalcohólica.
16. Os exames, instrucións, etc. Que precisen os opositores estarán dispoñibles nas mesas da aula, con carácter previo á súa chegada.
17. Daranse indicacións para que os opositores ocupen os asentos dispoñibles, completando filas e empezando por aquelas máis afastadas da porta de entrada.
18. Por razóns de seguridade e hixiene, cada aspirante utilizará a mesma mesa e asento durante toda a xornada.
19. Unha vez no interior, permanecerán sentados en todo momento. Para minimizar a probabilidade de contacto, farase un uso intensivo da aula.
20. Durante a realización do exame, os aspirantes non poderán retirarse a máscara.
21. Unha vez na aula, restrinxiranse as saídas e entradas da aula ás que sexan imprescindibles (enfermidade, necesidades fisiolóxicas...). Cando isto suceda os aspirantes deberán manter ao saír/ entrar a distancia de seguridade.
24. Unha vez iniciado o exame, non se permitirá a ningún aspirante, abandonar a aula atapasados 15 minutos desde o momento fixado para o comezo da proba. Non podendo abandonar tampouco a aula nos 15 últimos minutos.
25. No caso de que un aspirante finalice antes da conclusión do tempo fixado para o exercicio, a recollida do exame realizarase directamente na mesa do opositor polo persoal de vixilancia do edificio, a cuxo efecto realizará unha indicación de finalizar.
26. Unha vez concluído o tempo fixado para a realización do exercicio, os aspirantes deberán esperar no seu sitio ata ser chamados por un membro do Tribunal, para entregar directamente o seu exame.
27. Cando o opositor sexa chamado para facer entrega do exame, deberá dirixirse á mesa do Tribunal con todos os seus efectos persoais e coa máscara posta. Xa que unha vez que realicen a entrega deberán saír da clase de maneira ordenada.
28. A saída do local, unha vez realizada a entrega do exame será pola porta que lles indiquen o tribunal de maneira ordenada, respectando as normas de distanciamento de 1,5 metros, ata o exterior do edificio. Os opositores non se deterán a conversar, abandonando as instalacións o máis rápido posible.



29. A saída da aula dos aspirantes realizarase de forma ordenada, empezando pola fila máis próxima á porta, e así sucesivamente ata desaloxar a aula por completo.

30. En caso de prestar síntomas de Covid-19 (tose, febre, dificultade respiratoria...) mentres está no lugar de realización da proba, a persoa afectada será levada a unha sala illada, designada previamente. Esta sala contará con xanelas para a súa ventilación e papeleira con tapa accionada a pedal. De acordo coprotocolo previsto, facilitaráselle unha máscara e chamarase ao teléfono de atención ao Covid-19 da Xunta de Galicia. Salvo contraindicación, procederase á súa evacuación coa maior rapidez posible.

MEDIDAS DE EMERXENCIA

1. Siga en todo momento as indicacións do persoal da organización e dos equipos de emerxencia.
2. Siga a vía de evacuación asignada ata alcanzar a saída ou escaleira que lle corresponda.
3. Actúe con serenidade e calma, sen présas.
4. Camiñe con rapidez, pero sen precipitación, mantendo distancia de seguridade.
5. Mantéñase en silencio ou fale en voz baixa.
6. Non utilice os ascensores.
7. Nunca volva cara atrás no seu percorrido, máxime se lle segue un gran número de persoas.
8. Cando se atope por corredores e escaleiras, circule pegado á parede para deixar paso libre ao persoal de emerxencia.
10. Non se deteña preto das portas de saída. Diríxase rapidamente á saída.

NORMAS XERAIS

1. Siga en todo momento as indicacións do persoal da organización.
2. Se pertencen a poboación vulnerable para COVID-19, deberá seguir as indicacións do seu profesional sanitario respecto a as medidas de prevención e protección máis adecuadas. Se fose necesaria algunha adaptación para a realización do exame, comunicarse ao órgano convocante con suficiente antelación.
3. Só se permitirá o acceso ao edificio aos aspirantes que realicen a proba e persoal implicado no desenvolvemento das probas. Impedirase o acceso ás instalacións do lugar de realización da proba das persoas acompañantes.
4. O acceso e saída do lugar de realización da proba, en todas as zonas comúns, e durante a realización da proba será obrigatorio o uso de máscara para os opositores.
5. O uso de luvas non se considera necesario. Recoméndase o lavado frecuente e meticuloso de mans.
6. Non se poderá compartir material (bolígrafos) polo que os aspirantes deben asegurarse de levar todo o necesario para a realización das probas.
8. Accederase ao lugar de realización da proba co material mínimo indispensable.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

9. Será obrigatorio lavarse as mans á entrada. Dispónse para iso de expendedores de solución hidroalcohólica nas entradas.
10. Deberán respectarse os percorridos de entrada e saída do lugar de realización da proba evitando sempre cruces e acumulacións. Os percorridos simultáneos serán sempre de sentido único. Circularase polo lateral dereito en corredores, escaleiras e demais vías de circulación.
11. Como criterio xeral, cada aspirante ocupará durante a realización da proba a mesma mesa e espazo de exame. No caso de que non fose posible, garantirase o cumprimento das medidas de hixienización correspondentes.
12. Accederase ao interior de forma áxil, ordenada, respectando a distancia de seguridade. Unha vez dentro, permanecerá sentado en todo momento no lugar que lle indiquen.
13. Ao toser ou esberrar, é imprescindible cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado.
14. Debe evitar tocarse os ollos, o nariz e a boca.
15. As saídas e entradas ás aulas reduciranse ás imprescindibles e debe facerse ordenadamente, respectando as normas de distanciamento de 1,5 metros e sempre provistos de máscara. Os aspirantes non se deterán a conversar, abandonando as instalacións do máis rápido posible.
16. O acceso aos baños con máscara, será obxecto de control coa finalidade de garantir a distancia interpersonal de 1,5 metros, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante.
17. En caso de levar pelo longo, debe recollelo convenientemente (coletero, moño, etc.)
18. Debe evitarse o contacto físico en manifestacións de saúde ou afecto.
19. Debe evitarse tocar elementos de uso común, botóns, manillas, pasamanos, etc. Cando sexa necesario facelo, aplicaranse medidas de hixiene.



COVID19

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE

Nome e apelidos:

DNI:

Declaro que, a día de hoxe, a non estou diagnosticado/a de Covid-19, non presento sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentei nos 14 días previos á data de hoxe e non padezo ningunha outra enfermidade contaxiosa.

Declaro que non convivo con ninguén afectado polo Covid-19 nin estiven en contacto estreito nin compartín espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á data de hoxe.

Comprométome a notificar inmediatamente ao Concello de Cabana de Bergantiños calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da realización da proba.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE AO COVID-19

Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver o proceso selectivo.

DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19

Declaro que recibín e lin a información de adecuación para a realización do proceso selectivo en relación ca COVID-19 da entidade responsable e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

Sinatura do aspirante



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

En _____, a _____ de _____ de 2020.